

Cangas a 8 de xuño de 2022

Estimados pais/nais de alumnos/as:

Dentro da programación Xeral do curso 2021/2022, do 15 ao 22 de xuño o noso centro organiza para todos os alumnos a tradicional **SEMANA CULTURAL**.

As actividades que se van a realizar son as que se detallan a continuación:

Venres 10 de xuño, ás 19:30 h. **Acto de Graduación de 2º Bacharelato**, para todos os familiares dos alumnos homenaxeados.

Mércores 15 de xuño, **Día da Narrativa**, con actividades de obradoiros de relatos e microrrelatos, contacontos e monólogos, contando coa visita da escritora e ilustradora de libros infantís, Francesca López D'Silva e coa comunicadora, poeta e contadora de contos, Alicia Savaxe

Acto de entrega ao **Terceiro Equipo Gañador do Concurso Nacional "Salvar el mundo" da 3ª Edición Endesa Educa Dixital**, no que participaron os alumnos de 3º Educación Primaria.

Xoves 16 de xuño: **Día da Poesía**, obradoiros de poesía e de cantautores, coa visita das escritoras Miriam Ferradáns, autora de poemarios e colaboracións en Nós Diario e Stella Maris González Balbuena, poeta e coordinadora do grupo de poesía virtual "Nos queda la palabra".

Venres 17 de xuño: **Día do Teatro**, con actividades de dramatizacións, exercicios de mímica e coa visita da actriz Toñi Caseiro, que participou en capítulos de Serramoura e Meus retratos de familia da TVG.

Luns 20 de xuño: **Carreira Solidaria "Save the children"**, para tódolos alumnos de infantil e primaria. Todos deben vir co chándal.

Martes 21 de xuño: **Carreira Solidaria "Save the children"**, para tódolos alumnos de Secundaria e Bacharelato. Todos deben vir co chándal.

Espectáculo de Maxia para os alumnos da ESO e Bacharelato a cargo do Mago Jorge Lorenzo, organizado pola ANPA.

Ás 13 h., **Acto de Graduación 6º Infantil e 6º de Primaria**, no polideportivo, aberto para todos os familiares dos alumnos destes dous cursos.

Mércores 22 de xuño, último día lectivo, o horario será de **10:00 a 13:00 horas** (Os alumnos que utilizan o servizo de comedor deben recollerse ás 13:30 horas e o servizo de Plan Madruga funcionará como sempre dende as 7:30 h.). A ANPA organiza unha Festa Fin de Curso para todos os alumnos do colexio, donde haberá para Educación Infantil xogos de auga, animación musical e obradoiros de moldeado e para os alumnos de Primaria, festa da espuma e xogos musicais. Todos deberán traer bañador, toalla e chanclas.

Excursión de Fin de Curso ás Illas Cíes, con visita guiada, para tódolos alumnos de ESO e Bacharelato.

Por último o Acto de Graduación 4º ESO, será o **luns 27 de xuño, ás 11:00 horas**, só aberto ás familias dos alumnos homenaxeados.

Un saúdo.

A DIRECCIÓN